



# TUTORIAL REALIZACIÓN DA MAQUETA



A BASE DA MAQUETA SERÁ UN  
TABOLEIRO DE PARTÍCULAS DM  
FORMATO DIN A4



USAMOS DE EXEMPLO O PLANO  
Nº1.  
DEBEMOS PARTIR DA COTA MÁIS  
BAIXA. NESTE CASO E A COTA "0" É  
DECIR, A LIÑA DE COSTA.





NESTE PLANO HAI AS SEGUINTE CURVAS DE NIVEL:

- Cero (LIÑA DE COSTA)
- 20 metros
- 40 metros
- 60 metros
- 80 metros


ESTA É A **COTA**:  
ALTURA CON  
RESPECTO AO NIVEL  
DO MAR Á QUE SE  
ATOPA ESA LIÑA DE  
TERREO

ESTA É A **CURVA DE NIVEL**: PUNTOS DE TERREO QUE ESTÁN Á MESMA COTA (ALTURA CON RESPECTO AO NIVEL DO MAR), NESTE CASO A 60 METROS






COMO NESTE CASO HAI COSTA,  
PRIMEIRO IMOS PEGAR Á BASE  
UNHA A CARTULINA AZUL QUE  
EMPREGAREMOS PARA  
REPRESENTAR O MAR



A CONTINUACIÓN EMPEZAMOS POR  
RECORTAR O PLANO SUMISTRADO  
POLA COTA "0" (LIÑA DE COSTA)



CORTAMOS POLA CURVA DE NIVEL.




EMPREGAMOS O RECORTE COMO PLANTILLA PARA MARCAR ( OU CORTAR XA DIRECTAMENTE COA MESMA FORMA) A CARTULINA QUE VAI REPRESENTAR A COTA "0".




UNHA VEZ MARCADA, RECÓRTASE.




A CONTINUACIÓN PÉGASE NA BASE,  
NO LUGAR QUE LLE CORRESPONDE  
DENTRO DO ESPAZO DE FORMATO  
DINA A4. EMPREGAMOS BARRA DE  
PEGAMENTO.



XA TEMOS A LIÑA DE COSTA  
(COTA "0")



A CONTINUACIÓN RECORTAMOS A  
PLANTILLA POLA COTA "20"




RECORTE POLA COTA 20




O RECORTE USARÉMOLO COMO  
PLANTILLA PARA MARCAR ESA FORMA  
SOBRE UNHA PLANCHA DE GOMA EVA  
BRANCA DE 2 mm







RECORTAMOS A PLANCHA DE GOMA  
EVA POLA LIÑA MARCADA.




USAMOS BARRA DE PEGAMENTO PARA  
FIXAR NO SITIO CORRECTO  
(COA AXUDA D@ PROFESOR@).




XA ESTÁ COLOCADA A COTA "20"




O SEGUINTE PASO É RECORTAR A COTA "40"



E VOLTAMOS A RECORTAR A FORMA  
CORRESPONDENTE EN GOMA EVA  
DE 2mm



PÉGASE NO SITIO CORRESPONDENTE.



FACEMOS O MESMO COAS CURVAS DE NIVEL CORRESPONDENTES ÁS COTAS "60" E "80" (NESTE EXEMPLO XA NON HAY MÁIS)



FINALMENTE TEMOS A NOSA PARTE DA MAQUETA REMATADA E LISTA PARA FORMAR PARTE DA MAQUETA XERAL (NON VOS OLVIDEDES DAS ILLAS, AS FACEMOS EN CARTULINA BRANCA)